

RÉXIME ECONÓMICO DOS/AS DEPUTADOS/AS DO PARLAMENTO DE GALICIA NO ANO 2025

1. **ASIGNACIÓN FIXA:** 2.325,60 € mensuais.

2. ASIGNACIÓNS POR CARGOS EN ÓRGANOS PARLAMENTARIOS (Incompatibles entre si, aboarase unicamente a da función de maior importe)

a) Presidente/a

- Complemento membro de Mesa:	1.753,38 €/mes
- Gastos de representación:	2.112,84 €/mes
- Gastos libre disposición:	1.084,98 €/mes

b) Vicepresidentes/as, Secretario/a e Vicesecretario/a

- Complemento membro de Mesa:	1.753,38 €/mes
- Gastos de representación:	1.310,74 €/mes
- Gastos libre disposición:	575,34 €/mes

d) Portavoces grupos

- Gastos de representación:	653,24 €/mes
- Gastos libre disposición:	438,35 €/mes

e) Viceportavoces grupos (ata 3) e presidentes comisión

- Gastos de representación:	558,18 €/mes
-----------------------------	--------------

f) Vicepresidentes/as de Comisión, Secretarios/as de Comisión

- Gastos de representación	441,29 €/mes
----------------------------	--------------

g) Restantes deputados/as con dedicación exclusiva

- Gastos de representación:	336,23 €/mes
-----------------------------	--------------

Os importes destes apartados 1 e 2 os cobrarán unicamente os membros da cámara que optaran pola dedicación exclusiva.

3. AXUDAS DE CUSTO

- ◆ Contía mensual fixa para afrontar os gastos de aloxamento e manutención que orixine a súa actividade parlamentaria: 2.867,89 €/mes
- ◆ Aboaranse as devengadas por desprazamentos que se realicen en misión oficial

autorizada pola Mesa do Parlamento para viaxes fora de Galicia. As contías serán:

- | | |
|---------------------------------|---|
| - Dentro do territorio nacional | 53,34 €/día |
| - Fora do territorio nacional | Os importes fixados na
lexislación aplicable |

De ser autorizadas visitas institucionais dentro de Galicia, aboaráselles o importe que resulte do quilometraxe solicitado ata o municipio da visita e volta dende a sede da cámara ou dende o seu domicilio, ou ben o billete de transporte público nos termos do apartado seguinte.

4. LOCOMOCIÓN

Cubriranse os gastos de transporte en medio público (avión, tren, automóbil ou barco) dos membros da cámara dende o seu municipio galego de procedencia ao Concello de Santiago, e o seu importe aboarase directamente á empresa transportista previa factura ou reintegraráselle ao deputado os gastos realizados. Neste último caso, a cantidade non pode superar o importe de quilometraxe (0,26€/km) que resultaría de empregar o seu vehículo particular.

No relativo aos desprazamentos en vehículo propio, cómpre indicar:

- A contía será o importe que en cada momento fixe como exento o artigo 9.2 do Regulamento da Lei do IRPF aprobado polo Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo que actualmente é de 0,26 euros/km. O número de quilómetros que correspondan a cada deputado/a computarase de acordo coa declaración presentada no Parlamento de Galicia no que indique o seu domicilio e medio de transporte preferente.
- Aboaranse tantos desprazamentos como asistenciaes se acrediten pola Administración Parlamentaria.
- Aboaránselle a cada deputado mensualmente catro viaxes fixas por desprazamento ás reunións do seu grupo parlamentario sen necesidade de xustificación.

Asemade, cada deputado dispón dun sistema de telepeaxe VIAT para o pagamento dos gastos de desprazamento, non aparcamento, polas autoestradas de Galicia con cargo ao orzamento do Parlamento de Galicia

O deputado tamén poderá facer uso da rede de RENFE dentro da Comunidade Autónoma de Galicia e os custe dos billetes serán aboados polo Parlamento directamente á empresa.